



O RAPOSO DAS MIL MAÑAS



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

NOME DO DOCUMENTO: MPG_NoCa_0009_005_id712_D
AUDIO DE REFERENCIA: MPG_NoCa_0009_005_id712.mp3
TIPO DE DOCUMENTO: Rexistro directo dun evento. Conto
MATERIAL DISPOÑIBLE: Audio mp3 (editado e dixitalizado pola compiladora)
 Transcrición de texto
DURACIÓN: 0:00:51

DATOS DA RECOLLIDA

- **DATA DA RECOLLIDA:** 1998
- **LOCALIZACIÓN:**
 - Lugar/ aldea/ barrio:** Figueiroá
 - Parroquia:**
 - Concello:** Sober
 - Provincia:** Lugo
 - País:** Galicia
- **INFORMANTE**
 - Nome:** Dolores Valdés Fernández, “tía Lola”
 - Idade do momento da recollida:** 86
- **RECOLLEDOR/ORA:** Aitor Rivas
- **COMPILADORA:** Camiño Noia Campos
- **COLECCIÓN:** Camiño Noia (NoCa)
- **CLASIFICACIÓN E REFERENCIAS DESTE CONTO NOS CATÁLOGOS TIPOLÓXICOS DE CAMIÑO NOIA:**
 - Título xenérico:** Milmañas
 - Tipo:** Contos de animais
 - Subtipo:** Animais salvaxes e domésticos
 - Referencia:** 105 AT



instituto de
estudos das
identidades

CONTEXTO

Durante a década de 1990 até os anos 2000, a catedrática emérita e profesora de filoloxía galega María Camiño Noia Campos, dirixiu un valioso proxecto de recollida, catalogación e divulgación do conto galego de tradición oral. Neste proceso foi imprescindible a axuda do seu alumnado e de bolseiros, que se encargaron de facer as recollidas de campo gravando a persoas que aínda recordaban contos e que ademais sabían contalos. Os traballos, que se realizáronse en Galicia e nas áreas de lingua galega de Asturias, León, Zamora e Cáceres, constitúen hoxe unha testemuña única dun rico patrimonio que estaba a piques de desaparecer. O froito de traballar con todo este material plasmouse en varias obras - citadas máis abaixo na bibliografía - nas que Camiño Noia sistematizou a narrativa galega oral de acordo a criterios recoñecidos internacionalmente. Nomeadamente, a súa última obra *Catalogue of Galicia Folktales* - editada pola prestixiosa Kalevala Society de Finlandia - coloca o conto galego dentro da tradición oral europea, dándolle un espazo de referencia no folklore internacional.

O APOI dispón actualmente, grazas á cesión de Camiño Noia, dos materiais orixinais froito das recollidas: a colección completa das gravacións e as transcripcións cos datos de campo. Presentamos o seu material seguindo os criterios do catálogo tipolóxico realizado pola propia compiladora.

NOTAS SOBRE A TRANSCRICIÓN DO TEXTO

A transcripción foi tomada dos documentos cedidos pola compiladora.

Respectouse a pronuncia da persoa e as palabras e expresións coloquiais transcribíronse tal e como foron ditas.

BIBLIOGRAFÍA

- NOIA CAMPOS, M^a Camiño (2010): *Catálogo tipolóxico do conto galego de tradición oral: clasificación, antoloxía e bibliografía*. Vigo : Universidade de Vigo, Servizo de Publicacións.
- NOIA CAMPOS, M^a Camiño (2002): *Contos galegos de tradición oral*. Vigo: Nigratreia.
- NOIA CAMPOS, M^a Camiño (2021): *Catalogue of Galicia Folktales*. Kalevala Society.

PALABRAS CHAVE

conto, narración, animal salvaxe, animal doméstico, raposo, gato, can

EDICIÓN DA PRESENTE FICHA: Sara Santalla Iglesias



TRANSCRICIÓN



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

O zorro era moi fanfarrón, entónces sempre contaba moitas valentías; il era moi valiente. Entónces díxolle ó gato:

– Ai, compadre –porque sempre lle tiña moitos compadres - E usté cantas mañas sabe?

E díxolle o gato:

– Eu unha sola.

– Pois eu seille cento vinte e un saco cheo.

E nesto veu por alí un can. Ven o can, xa ves; tras do zorro e tras do gato. E o gato subiuse a un árbol e quedou alí. Pero seghiu ó zorro: fun, fun, encima, encima! E despois berráballe o gato desde o árbol:

– Ai ho! Saca, saca das do saco, que as cento vinte non che valen!

E acabouse.